



ACTA DA REUNIÓN DO 4 DE AGOSTO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE BENS CONSUMIBLES.

PRESIDENTA:

D.^a Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1.^a do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario do Parlamento de Galicia

D.^a María Concepción Burgo López
Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D.^a Raquel Rodríguez Carro
Letrada do Parlamento de Galicia

D.^a Carolina Costoya Pardo
Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González
Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 12.00 h do día **4 de agosto de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación presentada para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles para a Administración do Parlamento de Galicia.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes.

Primeiro.-A presidenta da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 132, do 13 de xullo de 2016. Ningún dos presentes o solicita.

A continuación comunícase o acordo da Mesa de Contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Da cualificación de documentos dos sobres "A" resulta o seguinte:

Empresas admitidas:

- Office Depot, S.L.
- Paz Dismac, S.L.
- Brinco Soluciones Integrales, S.L.
- Gersa Informática

Empresas excluídas:

- Non hai empresas excluídas





Segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

A presidenta invita aos presentes a que examinen os sobres "B" e mostras presentadas polas empresas admitidas á contratación, e comproben que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Informa de que poden, antes de proceder á súa apertura, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas, pero unha vez iniciada a apertura, non se admitirán interrupcións.

Procédese a continuación á apertura dos sobres e das mostras presentados polas empresas concorrentes. A presidenta anuncia aos presentes que poden examinar a documentación contida nos sobres "B" e as mostras. Compróbase que a documentación é correcta.

Informa que a documentación contida nos sobres e as mostras serán remitidas ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e a ponderación asignada aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, darase a coñecer no acto público de apertura dos sobres "C".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12.15 h levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data indicados.

 Marta Rodríguez Arias Presidenta	 José Manuel Balseiro Orol Vogal
 María Concepción Burgo López Vogal	 Raquel Rodríguez Carro Vogal
 Carolina Costoya Pardo Vogal	 F. Javier Freire González Secretario

ACTA DA REUNIÓN DO 29 DE SETEMBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE BENS CONSUMIBLES.

PRESIDENTE:

D. Miguel A. Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D.^a Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1.^a do parlamento de Galicia

D.^a María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2.^a do Parlamento de Galicia

D.^a María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D.^a Carolina Costoya Pardo
Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González
Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás **11.30 h** do día **29 de setembro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles

Orde do día:

Punto primeiro.-Comunicación da avaliación obtida pola empresa en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Punto segundo.-Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

De seguido procédese a:

Punto primeiro.-Comunicación da avaliación obtida pola empresa en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 132, do 13 de xullo de 2016. Ningún dos presentes o solicita.

Da cualificación de documentos dos sobres A resultaron admitidas as seguintes empresas:

- Office Depot, S.L.
- Paz Dismac, S.L.

- Brinco soluciones integrales, S.L.
- Gersa Informática, S.L.

Non houbo empresas excluídas.

O presidente informa que o 4 de agosto celebrouse a sesión pública de apertura dos sobres "B" presentados, e a documentación neles contida foi trasladada ás unidades administrativas competentes do Parlamento de Galicia para a súa valoración. Logo de analizado os informes técnicos de avaliación, que asume esta Mesa de Contratación, determínase o seguinte:

- Lote 1 (material de oficina): presentáronse dúas proposicións; a puntuación obtida foi a seguinte:

- Office Depot, S.L.:39,10 puntos.
- Paz Dismac, S.L.:43,77 puntos.

- Lote 2 (material de imprenta): presentouse unha proposición:

- Brinco Soluciones Integrales, S.L: A oferta cumpre cos requirimentos exixidos nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

- Lote 3 (material de informática): presentáronse dúas proposicións; a puntuación obtida foi a seguinte:

- Brinco Soluciones Integrales, S.L.:30,00 puntos.
- Gersa Informática, S.L.:20,00 puntos.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

O presidente invita aos presentes na sala a que examinen os sobres "C" presentados polas empresas concorrentes, e que comprobén que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Así mesmo informa de que poden, antes de proceder á apertura dos sobres, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas; unha vez iniciada a apertura dos sobres, non se admitirán interrupcións.

A continuación o secretario procede á apertura dos sobres e lectura das ofertas presentadas, que son as seguintes:

Lote 1 (material de oficina):

- Office Depot, S.L

Importe..... 11.628,55 €
IVE..... 2.442,00 €

- Paz Dismac, S.L.

Importe..... 12.181,91 €
IVE..... 2.558,20 €

Lote 2 (material de imprenta):

- Brinco Soluciones Integrales, S.L.

Importe..... 10.921,38 €

IVE..... 2.293,49 €

Lote 3 (material de informática):

- Brinco Soluciones Integrales, S.L.

Importe..... 14.617,84 €



IVE..... 3.069,75 €

- Gersa Informática, S.L.

Importe..... 16.303,15 €

IVE..... 3.423,66 €

Non habendo máis asuntos que tratar, ás **12.00 h** levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data ao principio indicados.

 Miguel A. Santalices Vieira Presidente	 Marta Rodríguez Arias Vogal
 María Soledad Soneira Tajés Vogal	 María Aneiros González Vogal
 Carolina Costoya Pardo Vogal	 F. Javier Freire González Secretario

ACTA DA REUNIÓN DO 10 DE OUTUBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE BENS CONSUMIBLES.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D.^a Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1.^a do parlamento de Galicia

D.^a María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2.^a do Parlamento de Galicia

D.^a María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D.^a Carolina Costoya Pardo
Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González
Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás **11.30 h** do día **10 de outubro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles.

Orde do día:

Punto único.-Exame do informe do sobre C, clasificación de ofertas e requirimento de documentación, se procede.

De seguido procédese a:

Estudo do informe das ofertas emitido polo Servizo de Persoal e Réxime Interior.

A Mesa de Contratación, á vista do informe, acorda realizar a seguinte clasificación de ofertas:

Lote 1 (material de oficina):

EMPRESA	TOTAL PUNTOS	Nº
Office Depot, S.L.	91,10	1º
Paz Dismac, S.L.	65,88	2º

Lote 2 (material de imprenta):

A oferta de Brinco Soluciones Integrales, S.L. é a única recibida para optar a este lote, polo que, comprobado que cumpre os requirimentos dos pregos e non supera o orzamento máximo de licitación, non se considera necesaria a atribución de puntuación algunha.

Lote 3 (material de informática):

EMPRESA	TOTAL PUNTOS	Nº
Brinco soluciones integrales, S.L.	82,00	1º
Gersa Informática, S.L.	24,11	2º

Á vista desta puntuación, a Mesa de Contratación acorda clasificar as empresas e facer requirimento da documentación da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas na seguinte orde, a efectos de proceder, se é o caso, á proposta de adxudicación.

Lote 1 (material de oficina):

1ª Office Depot, S.L.

2ª Paz Dismac, S.L.

Lote 2 (material de imprenta):



1ª Brinco Soluciones Integrales, S.L.

Lote 3 (material de informática):

1ª Brinco Soluciones Integrales, S.L.

2ª Gersa Informática, S.L.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás **12.00 h** levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data ao principio indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 Marta Rodríguez Arias Vogal
 María Soledad Soneira Tajés Vogal	 María Aneiros González Vogal
 Carolina Costoya Pardo Vogal	 F. Javier Freire González Secretario

ACTA DA REUNIÓN DO 29 DE XULLO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE BENS CONSUMIBLES.

PRESIDENTA:

D.^a Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1.^a do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario do Parlamento de Galicia

D.^a María Concepción Burgo López
Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D.^a María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D.^a Carolina Costoya Pardo
Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González
Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 12.10 h do día **29 de xullo de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, salvo o vogal Sr. Balseiro Orol que escusa a súa presenza, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles, distribuídos en tres lotes, para a Administración do Parlamento de Galicia.

Orde do día:

Punto único.- Constitución da Mesa de Contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procédese a:

PRIMEIRO.- A presidenta declara constituída a Mesa.

A continuación, o secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar as proposicións presentadas, que son as seguintes:

Lote 1.- material de oficina:

EMPRESA	registro núm.:
Office Depot, S.L.	52180
Paz Dismac, S.L.	52176

Lote 2.- material de imprenta:

EMPRESA	registro núm.:
Brinco Soluciones Integrales, S.L.	52170



Lote 3.- material de informática:

EMPRESA	registro núm.:
Brinco Soluciones Integrales, S.L.	52171
Gersa Informática	52206

SEGUNDO.- Seguidamente a Mesa de Contratación procede ao estudo da documentación contida nos sobres “A” presentados polas empresas concorrentes.

Examinada a continuación toda a documentación incluída nos sobres “A” das proposicións presentadas, a Mesa de Contratación comproba que todas as empresas presentan a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos e polo tanto acorda admitilas todas para continuar no procedemento de contratación.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12.30 h levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data ao principio indicados.

 Marta Rodríguez Arias Presidenta	 María Concepción Burgo López Vogal
 María Aneiros González Vogal	 Carolina Costoya Pardo Vogal
 F. Javier Freire González Secretario	

ACTA DA REUNIÓN DO 4 DE NOVEMBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE BENS CONSUMIBLES

PRESIDENTE:

D. Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1.º do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D.ª Raquel Arias Rodríguez

Secretaria do Parlamento de Galicia

D.ª Concepción Burgo López

Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D.ª María Aneiros González

Letrada do Parlamento de Galicia

D.ª Carolina Costoya Pardo

Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González

Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás **10.10 h** do día **4 de novembro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles, da administración do Parlamento de Galicia.

Orde do día:

Punto primeiro.-Estudo da documentación administrativa presentada polas empresas Office Depot, S.L. e Brinco Solucións Integrais, S.L.

Punto segundo.-Elaboración de proposta de adxudicación e/ou, no seu caso, nova proposta de requirimento de documentación administrativa.

De seguido procédese a:

Punto primeiro.-Estudo da documentación administrativa presentada polas empresas Office Depot, S.L. e Brinco Solucións Integrais, S.L.

A Mesa de Contratación analiza a documentación presentada polas empresas e comproba que cumpren o establecido no prego de cláusulas administrativas, incluíndo a constitución da garantía e pagamento da parte proporcional do anuncio de licitación de cada lote.

Punto segundo.-Elaboración de proposta de adxudicación e/ou, no seu caso, nova proposta de requirimento de documentación administrativa.





Á vista desta documentación, a Mesa de Contratación acorda propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a adxudicación dos lotes correspondentes a esta contratación ás seguintes empresas:

- lote 1 (material de oficina): a Office Depot, S.L., polo seguinte orzamento máximo de adxudicación:
 - Orzamento anual de adxudicación: 11.628,55 €.
 - IVE..... 2.442,00 €.
 - Total 14.070,55 €.

- lote 2 (material de imprenta): a Brinco, soluciones integrales, S.L., polo seguinte orzamento máximo de adxudicación:
 - Orzamento anual de adxudicación: 10.921,38 €.
 - IVE..... 2.293,49 €.
 - Total 13.214,87 €.

- lote 3 (material informático): a Brinco, soluciones integrales, S.L., polo seguinte orzamento máximo de adxudicación:
 - Orzamento anual de adxudicación: 14.617,84 €.
 - IVE..... 3.069,75 €.
 - Total 17.687,59 €.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 10.15 h levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data indicados.

 Diego Calvo Pouso Presidente	 Raquel Arias Rodríguez Vogal
 Concepción Burgo López Vogal	 María Aneiros González Vogal
 Carolina Costoya Pardo Vogal	 F. Javier Freire González Secretario